



DÚATLON CIDADE DE SANTIAGO
25 ABRIL 2026



XXII DÚATLON CIDADE DE SANTIAGO

**CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DÚATLON
(LIGA GALEGA DE DÚATLON DE ESTRADA)**

(25/ABRIL/2026)



ORGANIZA:

- Club Triatlón Inforhouse Santiago.
Persoa de contacto: Ignacio Varela Pérez.
Teléfono: 661723261 Email: club@triatloninforhousesantiago.com
- Concello de Santiago.
- Federación Galega de Tríatlón e PM.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Estadio Municipal Verónica Boquete, San Lázaro, Santiago de Compostela
(<https://maps.app.goo.gl/DSQgqPztiA2Mgx9p6>)

NORMATIVA DA COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega e Española de Tríatlón: [Regulamentos Deportivos 2026 FETRI/FEGATRI](#)

HORARIOS:

COMEZO DA COMPETICIÓN:

ENTREGA DE DORSAIS	APERTURA CONTROL DE MATERIAL	PECHE CONTROL DE MATERIAL
13:30	15:30	15 minutos antes de cada saída

SAÍDAS:

CATEGORÍAS	CÁMARA DE CHAMADAS	SAÍDA
Campionato Galego Masculino	16:50	17:00
Campionato Galego Inclusivo	18:20	18:30
Campionato Galego Feminino	18:50	19:00

PERCORRIDOS:

PROBA	CARREIRA A PÉ		BICICLETA		CARREIRA A PÉ	
Sprint	5.000 m.	2 Voltas	18.500 m.	3 Voltas	2.500 m.	1 Volta

ENTREGA DE TROFEOS:

CATEGORÍAS	HORA APROXIMADA DE COMEZO
Todas	20:30

PREMIOS:

MEDALLA/TROFEO:

- 1º, 2º e 3º da Clasificación individual absoluta masculina e feminina.
- 1º, 2º e 3º da Clasificación individual masculina e feminina de cada categoría.
- 1º, 2º e 3º da Clasificación individual masculina e feminina da proba inclusiva.
- 1º, 2º e 3º club en categoría masculina e feminina.

PREMIOS ECONÓMICOS:

- 1º da Clasificación individual absoluta masculina e feminina: 150 Euros.
- 2º da Clasificación individual absoluta masculina e feminina: 100 Euros.
- 3º da Clasificación individual absoluta masculina e feminina: 50 Euros.
- 1º club en categoría masculina e feminina: 200 Euros.

As **clasificacións** faranse para as categorías masculina e feminina: Xuvenil, Júnior, Sub23, Absoluta e Veterana (I, II e III).

Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI. Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ao organizador e ao resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar ata o seu abono. Este artigo será incorporado ó regulamento de cada proba de adultos. Será labor do DT de cada proba recoller os datos dos infractores.

PARTICIPANTES:

Só deportistas clasificados e clasificadas segundo os criterios de participación nos Campionatos Galegos de Dúatlon para a tempada 2026 que se establecen no [Regulamento de competicións da FEGATRI 2026](#).

CATEGORÍA	Prazas reservadas por categoría e xénero
Todas	200(F) / 200(M)

INSCRICIÓNS:

- A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlón www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.
- **Prezo:** 20 Euros.
- O prazo de inscrición pecharase o martes día **21 de Abril** ás **23:59 h.**

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN:

- **Clubs:** Accederán a través do apartado **competicións**, picando na pestana **inscricións** e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón **inscricións** e introduciranse os datos requeridos.
- **Deportistas individuais:** Accederán a través do apartado **competicións**, picando na pestana **inscricións** e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón **inscricións** e introduciranse os datos requeridos.

BAIXAS E DEVOLUCIÓNS:

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do correspondente prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS:

Lista provisional: O mércores anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas na lista, ...). É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Lista definitiva: O venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios)



CRONOMETRAXE:

Haberá cronometraxe con chip, farase entrega co dorsal.

REUNIÓN TÉCNICA::

Toda aquela información técnica que afecte á competición, publicarase o xoves antes da proba na páxina web da FEGATRI.

CONTROL DE MATERIAL:

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados/as, levando xa todos os dorsais colocados (corpo, bici e casco) e o casco posto e abrochado.

SAÍDA:

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando na cámara de chamadas.

Os oficiais e persoal da organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída.

AVITUALLAMENTOS:

Haberá avituallamento líquido no segmento de carreira a pé e avituallamento líquido e sólido na zona de pos-meta.

META:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse sen pararse á zona próxima de post-meta onde se lles entregará o avituallamento e continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e ir recoller a bicicleta para abandonar a zona e facilitar a entrada do resto de categorías.

INFORMACIÓN DE INTERESE:

- A secretaría da competición ubicarase en frente a entrada principal do estadio.
- Os vestiarios e as duchas estarán no interior do Estadio Verónica Boquete.
- Os aseos atópanse na parte exterior do estadio, o lado da Porta 1.
- Haberá servizo de gardarroupa no recibidor da entrada do Estadio Verónica Boquete.



DÚATLON CIUDE DE SANTIAGO

25 ABRIL 2026



- A entrega de trofeos realizarase nas inmediacións do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro.
- A zona de transición de bicicletas estará situada en fronte a entrada principal do estadio. Será de acceso exclusivo de participantes e persoal da organización, así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.
- Unha vez depositada a bicicleta na área de transición co manillar cara o seu pasillo, o/a deportista deberá deixar o casco colgado da bicicleta coas correas despechadas.
- No caso de que se produza un abandono o/a deportista está obrigado a comunicalo no control de chegada.
- A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios, percorridos, así coma aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
- Disporase dun servizo de ambulancia de Soporte Vital Avanzado con médic@ dende as 09:30 ata as 20:30 horas. Estará situada na Porta 1 do Estadio Municipal Verónica Boquete, zona de Tribuna.
- Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular, poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre duatletas, polo que se lles deberá ceder o paso.
- A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba. Todos/as os/as participantes respectarán as normas de Circulación e Seguridade Viaria.
- Os circuítos estarán senalizados cos medios adecuados (vallas, cintas e conos) e con persoal da organización que estarán debidamente identificados (chaleco de seguridade reflectante).
- Os vehículos motorizados e bicicletas que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuítos das probas. Aqueles que realicen o seguimento das probas levarán unha identificación visible en todo momento.
- Os/as participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese a ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.
- O rematar as probas deixaranse as vías e os seus arredores no mesmo estado no que se atopaban antes da celebración das probas.



APARCAMENTOS RECOMENDADOS:



CIRCUÍTOS CAMPIONATO GALEGO:

CARREIRA A PÉ : 2 VOLTAS (5.000 METROS)



BICICLETA: 3 VOLTAS (18.500 METROS)



CARREIRA A PÉ: 1 VOLTA (2.500 METROS)

